| 58 SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN | |
|---|---|
| RESPONSABLE DO TRATAMENTO | Concello de Vigo. CIF P3605700H |
| DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS | dpd.vigo@vigo.org |
| FINALIDADE DO TRATAMENTO | Xestión das denuncias de carácter interno vinculadas ao Concello de Vigo dentro do ámbito de aplicación da Directiva (UE) 2019/1937 e a Lei 2/2023. |
| BASE LEXITIMACIÓN | - Artigo 6.1.c) RXPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento.<br>- Artigo 6.1.e) RXPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.<br>- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD).<br>- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).<br>- Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.<br>- Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.<br>- Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. |
| CONSERVACIÓN | Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. |
| INTERESADOS | Persoas físicas, incluídas as representantes de persoas xurídicas, que interpoñan, ou ás que se refiran, as queixas e denuncias presentadas no sistema interno de información. |
| CATEGORÍA DE DATOS PERSOAIS | NIF/DNI/documento identificativo; no da Seguridade Social/Mutualidade; nome e apelidos; dirección; teléfono; dirección de correo electrónico; firma electrónica. Outros datos que poden recollerse: os que consten nas denuncias entre os que poden incluírse datos académicos ou profesionais, detalles de emprego, económicos, financeiros e de seguros, ou transaccións de bens e servizos. No caso de que se traten datos de categorías especiais, por razóns dun interese público esencial, realizarase conforme ao previsto no artigo 9.2.g) do RXPD. |
| CESIÓNS DE DATOS | Outros órganos da Administración local, outros órganos da Administración autonómica, outros órganos da Administración do Estado, Órganos xudiciais. |
| TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS | Non están previstas transferencias internacionais de datos. |